

RUTAS AO AIRE LIBRE

OUTUBRO 2021. BOEDO




DATA: sábado, 23 de outubro de 2021

HORARIO: hora de inicio 10:00 h, hora prevista de saída 10:15 h. Hora prevista de finalización 13:45 h.

PUNTO DE SAÍDA: <https://goo.gl/maps/EZLU6gpQZTgLq5bL6>. Boedo, 34, 15199 Boedo, A Coruña.

PUNTO DE CHEGADA: <https://goo.gl/maps/EZLU6gpQZTgLq5bL6>. Boedo, 34, 15199 Boedo, A Coruña.



TELÉFONO DE CONTACTO: 604 07 72 76

DESCRICIÓN:

O noso percorrido comeza en Boedo situado na parroquia de Veiga, concello de Culleredo. Sairemos en dirección ao Coto de Carboeiro, unha subida que nos levará á Pedra da Auga, un tramo por amplas pistas que nos conducirán ao cume desde o que teremos unha espectacular vista de toda a costa desde Arteixo ata Ferrol.

Desde aquí xa baixaremos ata chegar ao río de Arteixo, que atravesa a vila de Arteixo, á cal lle dá o nome, e cuxa desembocadura está na Praia de Alba. Unha vez que chegamos ao río, seguirémolo e remontamos o seu leito para chegar desde o fondo do val novamente a Boedo.

NIVEL DE DIFICULTADE: dificultade baixa

DISTANCIA: 9,45 Km

DURACIÓN APROXIMADA: 3 horas e 30 minutos, segundo a táboa MIDE. Con todo, consideramos que se tardará 3 horas e 45 minutos debido aos posibles cambios do estado do terreo polo que hai que camiñar, sempre en función das persoas participantes. Grupo mínimo de 8 persoas e máximo de 15.

PROTOCOLO COVID: segundo o que permitan as restricións sanitarias no momento de realizar a ruta. De todos os xeitos, será obrigatorio o emprego de máscara, preferiblemente hixiénica dun só uso. Deberanse manter as distancias interpersoais de 1,5 m.

Antes de iniciar a actividade desinfectaranse as mans. Prohíbeselle o acceso á actividade a calquera persoa, ben que presente síntomas compatibles coa COVID-19, ben que estivese en contacto con persoas infectadas ou sospeite que o estivo.





31/10/2021

Boedo			
horario	3h 50' 	 1	severidade no medio natural
desnivel de subida	329 m 	 2	orientación no itinerario
desnivel de baixada	329 m 	 2	dificultade no desprazamento
distancia horizontal	9,5 Km 	 3	cantidade de esforzo
tipo de percorrido	Circular 		
Condicións de todo o ano, tempos estimados segundo o criterio MIDE, sen paradas. Calculado sobre datos de 2021.			

372 m



COMO INTERPRETAR A LENDA MIDE	
	Medio. Severidade do medio natural 1 O medio non está exento de riscos 2 Hai máis dun factor de risco 3 Hai varios factores de risco 4 Hai bastantes factores de risco 5 Hai moitos factores de risco
	Itinerario. Dificultade de orientarse no itinerario 1 Camiños e cruzamentos ben definidos 2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade 3 Esixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais 4 Esixe técnicas de orientación e navegación fora de traza 5 A navegación é interrompida por obstáculos que hai que bordear
	Desprazamento. Dificultade no desprazamento 1 Marcha por superficie lisa 2 Marcha por camiños de ferradura 3 Marcha por sendas dispostas en chanzos ou terreos irregulares 4 É preciso o uso das mans para manter o equilibrio 5 Require pasos de escalada para a progresión
	Esforzo. Cantidad de esforzo necesario 1 Ata 1 h de marcha efectiva 2 Máis de 1 h e ata 3 h de marcha efectiva 3 Máis de 3 h e ata 6 h de marcha efectiva 4 Máis de 6 h e ata 10 h de marcha efectiva 5 Máis de 10 h de marcha efectiva
Calculado segundo os criterios do MIDE para un excursionista medio pouco cargado O MIDE está recomendado pola Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME)	